

II. AUTORIDADES E PERSOAL**A) CESAMENTOS****CONSELLERÍA DO MAR**

ORDE do 13 de setembro de 2023 pola que se dispón o cesamento dun vogal do Consello Reitor da entidade pública empresarial Portos de Galicia.

O Consello Reitor é o órgano superior colexiado de dirección da entidade pública empresarial Portos de Galicia, tal como determina o artigo 13 da Lei 6/2017, do 12 de decembro, de portos de Galicia. A súa disposición transitoria novena, engadida polo artigo 17 da Lei 3/2018, do 26 de decembro, de medidas fiscais e administrativas, dispón que, mentres non se estableza regulamentariamente o número de vogais do Consello Reitor, a composición do dito órgano e o réxime de substitucións serán os establecidos nos artigos 10 e 11 do Regulamento de Portos de Galicia, aprobado polo Decreto 227/1995, do 20 de xullo, e que o nomeamento dos vogais o realizará a persoa titular da consellería competente en materia de portos, conforme dispón o artigo 13.2 da Lei 6/2017, do 12 de decembro.

O artigo 10 do Regulamento, no seu número 4, sinala que dos sete vogais representantes dos sectores económicos relacionados coas actividades portuarias no Consello Reitor tres serán en representación das cámaras de comercio de Galicia, que desenvolverán a súa actividade nos portos de cada provincia costeira da Comunidade Autónoma. Sinala tamén que cada unha das cámaras de comercio das provincias da Coruña, Lugo e Pontevedra lle proporán á persoa titular da Presidencia da entidade pública empresarial Portos de Galicia, polo menos, un vogal, ou ben unha terna na cal figure un representante de cada un dos sectores indicados no referido número.

Polo exposto, no exercicio da facultade atribuída, visto o Acordo do Pleno do Consello Galego de Cámaras que tivo lugar o 10 de xullo de 2023, por proposta do presidente da entidade pública empresarial Portos de Galicia,

DISPOÑO:

O cesamento de Eduardo Barros Pereira como vogal no Consello Reitor da entidade pública empresarial Portos de Galicia, en representación da Cámara Oficial de Comercio, Industria e Navegación de Pontevedra, agradecéndolle os servizos prestados.

Santiago de Compostela, 13 de setembro de 2023

Alfonso Villares Bermúdez
Conselleiro do Mar

